

# RIQUECHE: VIDA E MORTE DUN GUERRILLEIRO ANTIFRANQUISTA

Manuel Domínguez Ferro e Juan J. Sobrino Ceballos

*"A historia é á vez o brazo secular do tempo  
-o instrumento do devir e das súas devastacións-  
e o remedio, a memoria e o salvamento do que foi,  
da consunción e do esquecemento".*

**Claudio Magris, *El Danubio***

*"...Alí, a Villahoz,  
moi perto de Palencia  
na provincia de Burgos,  
terra de frío e neve,  
de xentes mesturadas de vellas castas,  
iberos e mouros,  
desterraron a familia galega,  
en visporas do Nadal de 1950.  
Pódese comprobar:  
Téñense testemuños".*

**Luis Seoane:**  
*Verdadeiro sucedido nun Nadal, 1972*

## OS ANOS DA XUVENTUDE

Moi preto de Palencia, pero neste caso no pobo de Villamuriel de Cerrato morreu, tamén en 1950, Francisco Allegue. A súa dona, Antonia Allegue, sobrevivíralle uns anos máis. Foran desterrados polas autoridades franquistas no ano 1948. Como no poema de Luís Seoane, tamén eles tillan un fillo fuxido, Adolfo Allegue Allegue, coñecido polo alcume de Riqueche. A casualidade quere que ambos os dous fuxidos, Riqueche e mais o fillo desa nai da que fala o poema, José Ramuñán Barreiro, alias Ricardito ou Simeón, coincidiran ala por 1948, cando este último, que acompañaba ao famoso Foucellas, viña fuxindo da zona de Teo, acosado pola garda civil.

Igual que os protagonistas do antedito poema de Luís Seoane, Antonia e Francisco foron desterrados a este pobo de Palencia por non secundaren os principios que animaron ao alzamento de 1936. O seu fillo Adolfo botouse ao monte e a finais de outubro de 1949 morría, con todo o seu destacamento, nunha emboscada da garda civil no lugar de Pazos, no concello de Monfero. O rastro de Ricardito pérdese a finais de 1948, pero todos os indicios sinalan a súa presenza tamén na caída de Pazos<sup>1</sup>.

Co aniquilamento do o destacamento "Arturo Cortizas" o día 31 de outubro, desaparecía un dos últimos grupos armados que quedaban do Exército Guerrilleiro Galego. Sete guerrilleiros

1. v. OTERO C.; SOBRINO, J. e DOMÍNGUEZ M., "Fuxidos da Fraga", Rev. *Cátedra*, nº 8, 2001

atoparon a morte nunha operación que entrañou un formidábel despregamento de forzas policiais, baixo o mando do tenente coronel Luque Arenas. A presenza no lugar dos feitos do gobernador civil Hierro Martínez proba a importancia propagandística que se lle quería dar á acción.

*Adolfo Allegue Allegue (a) Riqueche. Pierna derecha dos balazos con orificio de entrada y salida. Tres balazos en tórax (estómago, pulmón y corazón), hemorragia interna y orificio de salida parte posterior. Un balazo en región maxilar derecha y salida en el interior de la boca.*

*José Chan [Chao] Rouco. Dos balazos en parietal izquierdo con fractura y hemorragia interna.*

*Juan Gabeiras N. Un balazo región temporal derecha con fractura de base de cráneo y fuerte hemorragia cerebral.*

*Juan Freire Barcia. Un balazo con orificio de entrada en la región occipital y salida derecha.*

*José Temblás. Dos balazos en pierna izquierda, otro en la mejilla derecha con salida en región parietal izquierda que interesa base del cráneo.*

*Rogelio Alonso. Le falta el ojo izquierdo. Un balazo en región parietal izquierda con orificio de salida en temporal derecha con fractura y hemorragia.*

*Antonio Jaspe. Tres balazos en tórax con orificio de entrada en la parte anterior y salida en posterior interna... (¿) pulmonar izquierda y estómago con hemorragia interna y gran enfisema.*

#### **Autopsia (1 de novembro de 1949)**

O conciso informe da autopsia transloce todo o dramatismo da acción policial. O primeiro en caer foi Riqueche. José Chao e Antonio Jaspe morreron ao intentar facer unha saída; o terceiro, Juan Gabeiras (Picovello), a quen a garda civil confunde con outro, probablemente o mencionado José Ramuñán, non morreu aquí, senón no Tellado (Fene) en 1951; e a Juan Freire e Rogelio Alonso matounos probablemente José Temblás, antes de matarse el mesmo, co propósito de evitar que caeran en mans da garda civil<sup>2</sup>.

Entre ese ano de 1949, coa caída de Pazos, e 1951, coas de O Tellado (Fene) e O Puntal (Neda), produciuse o desmantelamento da guerrilla en Galicia, en particular da IV Agrupación, toda vez que a outra organización guerrilleira, a Federación de Guerrillas de Galicia-León comezara o seu declive en 1946. Quedaron, iso si, algúns homes, sós, illados e desesperados. Pero a etapa de máis intensa actividade guerrilleira quedaría definitivamente atrás. A caída de Pazos simboliza, polo tanto, o final dunha etapa iniciada a partir dos anos corenta, que se caracterizou en Galicia por unha forte combatividade -lonxe da imaxe forxada no franquismo dun país adormecido e acovardado-, onde os grupos guerrilleiros, encadrados e sostidos polo PCE, impulsaron a loita contra o réxime dictatorial imposto ao rematar a guerra.

Neste panorama destaca a figura de Adolfo Allegue Allegue, unha das personalidades máis descoñecidas é, ao mesmo tempo, máis suxestivas, do maquis galego. A súa biografía apenas apa-

2. v. OTERO, C.; SOBRINO, J. e DOMÍNGUEZ, M., “Fuxidos...”.

rece salpicada dos habituais episodios novelescos que tanto abundan nas haxiografías ao uso do resto dos maquis que acadaron maior sona. Pero ás máis das veces foron os homes coma el, case descoñecidos, os auténticos protagonistas dunha historia aínda pouco estudada.

Non é moito o que nos queda del. Unhas vagas lembranzas dos seus camaradas, unha muller coa que non viviu, a filla que non chegou a coñecer e uns familiares que aínda conservan uns poucos retallos da súa vida, historias que lles chegaban, como ecos afastados, das súas fazañas no monte, historias que conxugan a verdade cunha morea de lendas.

Adolfo Cipriano Allegue Allegue naceu o día dez de marzo de 1919 en San Pedro de Grandal, posibelmente no lugar da Pallara, no concello de Vilarmaior. Os pais proviñan do lugar de Rieiro, na parroquia de Doroña, no mesmo concello. A familia viviu uns anos na Pallara e, posteriormente, trasladouse a Bouzoa, no mesmo concello. E aquí, nas terras de Vilarmaior, será onde se desenvolva o escenario da súa infancia e xuventude. Os pais aínda hoxe son lembrados con afecto polos veciños. Conservamos algunhas breves descrições do fillo. Coñecidos seus lémbromo como un mozo de estatura normal, moreno. Un informe policial de 1949 apunta outra descrição: "*estatura más bien baja, delgado, rubio, color blanco, cutis fino y frente despejada*"<sup>3</sup>.

*Non era moi alto, de estatura media, moi alegre, moi familiar; moreno, tiña a tez moi branca e pómulos chatos. Sempre sorría. Tiña bigote e barbita. Acórdome moi ben del.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*Riqueche era de mediana estatura, moi activo e politicamente estaba moi preparado. Estivo varias veces na miña casa con outros guerrilleiros.*

**Antonio Ares. Ferrol, maio de 2000**

Francisco, a quen coñecían polo Riqueche, estivo emigrado en América; á volta traballou de carpinteiro, oficio que lle ensinou ao seu fillo. O alcume, que xa viña de familia, pasou ao fillo.

*Seguíanlle Riqueche, polo pai que estivera en Cuba, e cando voltou a xente dicía: veu o tío Francisquiño de Cuba, veu riquechiño perdido.*

**Manolo López. A Cepeira (Vilarmaior), abril de 2004**

Pai e fillo traballaban por toda a comarca amañando carros, facendo camas, mesas ou zocas<sup>4</sup>. O contacto coas xentes, os debates tan en boga sobre a cuestión agraria, a realidade social na que vivía, nuns tempos onde estaban a mudar as formas aparentemente invariábeis da vida campesiña, foron espertando nel unha sensibilidade política.

3. causa 126/49, Tribunal Militar Territorial IV

4. v. Bernardo MÁIZ, "Voces sobre a IP República, represión franquista e resistencia galega (1931-1954)", ANUARIO BRIGANTINO, nº 25, 2002.



Francisco Allegue



Antonia Allegue e o seu fillo Adolfo Allegue

Os últimos anos da Restauración constituíron un período de efervescencia política, tanto nas áreas industriais próximas, cunha inquieta burguesía e un proletariado cada vez máis concienciado -concentrado especialmente nos enclaves de Ferrol e A Coruña-, como nos concellos do interior, onde décadas atrás prendera o movemento agrarista.

Nas eleccións municipais de abril de 1931 os candidatos republicanos acadaron unha nutrida representación na comarca. En Vilarmaior constituíuse un novo goberno cun alcalde da ORGA (Organización Republicana Galega Autónoma). Favorecido polo novo clima político xurdiron asociacións, como a Agrupación Socialista, o Grupo Galeguista -constituído en 1935- e a Unión Agraria. As sociedades agrarias acadaron unha auxe extraordinaria. En 1934 existía unha Sociedade Agraria Republicana de Castro, Leiro e Carantoña, de tendencia agario-católica, a Sociedade de Agricultores e Oficios Varios de Leiro, que se integrou en UGT e que estivo presidida por Tenreiro López, fusilado en San Filipe<sup>5</sup> no 1936, a "Sociedade Agraria" de Grandal, presidida por Jose María Varela Salido, paseado tamén en agosto do 36 en Caamouco<sup>6</sup>, e as que xurdiron en Pontedeume, agrupadas na Federación Agrícola Comarcal. Cunha delas puido estar vinculado Francisco Allegue, motivo que, xunto a súa simpatía polas opcións de esquerda, explica a persecución de que será obxecto.

5. v. X. M. SUÁREZ, *Guerra civil e represión en Ferrol e comarca*, Ferrol, 2002

6. causa 993/36, v. B. MÁIZ, *Resistencia, guerrilla represión. Causas e Consellos de Guerra*. Ferrol, 1936-1955, 2004

Despois da dictadura de Primo de Rivera, celebrábanse na comarca as primeiras manifestacións de carácter popular, coa asistencia de destacados líderes da esquerda republicana, como Casares Quiroga e Antón Villar Ponte; ou das filas anarquistas, como Ángel Pestaña, Federica Montseny e Mario Rico. Abundaban os actos reivindicativos para esixir a liberdade dos presos, como a gran manifestación celebrada en Ferrol en abril de 1931, e as campañas a favor do referendo do Estatuto. As tensións están presentes con motivo da proclamación da folga xeral en toda a comarca en maio de 1932, semanas despois estendida ao resto de Galicia, para protestar polos despedimentos da Sociedade Española de Construcción Naval. A difusión destes actos, ben a través da prensa ou da radio, ben coa asistencia aos mesmos, contribuíron, sen dúbida, como para o resto dos xoves da súa xeración, a formación política de Riqueche.

*Era de ideas republicanas, de esquerdas. Moi intelixente, reservábase moito ao falar. Por exemplo, connigo, que eu daquela tiña 16 ou 17 anos, nunca comentou nada, nin de cando estivo no cárcere. Non é de estrañar, eu era un rapaz e podía irme da lingua.*

**Manolo López.** *A Cepeira (Grandal), abril de 2004*

...Un loitador, unha persoa honrada,... tiña ideas moi avanzadas,... moi audaz.

**Josefa Gallego.** *Mugarbos, marzo de 2004*

Durante a guerra foi mobilizado, sendo destinado ao Rexemento de Artillería Mérida 35 de Ferrol. Despois de incorporarse a filas, desertou.

*Recordo velo vestido de militar do Exército, foi cando eu vivía na Gándara.*

**C. Ferrol,** *abril de 2004*

*O Adolfo desertou da mili co Cobés [José Freire González]. Despois, é posible que se presentara e daquela o mandaran preso pra o castelo de San Felipe no Ferrol. Desde logo, facíanlle a vida imposible. Se pasaba algo na zona xa ían a por el.*

**V. Rieiro (Vilarmaior),** *abril de 2004*

*Había un tal Riqueche que anduvo fuxido porque os pais eran de esquerdas e ía a garda civil por alí e os golpeaba sempre. Un fillo de ese Riqueche estivo connigo facendo a mili, pero despois de ir para casa, como a garda civil lles pegaba, foise para o monte e despois convirtiuse no xefe dunha cuadrilla que andaba nas fragas do Eume agachados. Ao final, colléronos en Pazos (Monfero); cacháronos nunha casa, pois alguén deu o chivatazo. O grupo enteiro morreu loitando.*

**S. e B. Pontedeume,** *abril do 2000*

## O TEMPO DOS FUXIDOS

A represión, iniciada nesas datas, cebouse en todas as poboacións; só na comarca de Pontedeume o número de persoas paseadas, executadas ou simplemente asasinadas foi de unhas cincuenta e cinco entre 1936 e 1939<sup>7</sup>. Unha das súas consecuencias foi a fuxida ao monte daqueles sobre os que caera a sospeita de simpatía polo réxime republicano. Acosados, perseguidos, as súas pretensións limitábanse, en moitos casos, a sobreviviren. No noroeste de Galicia diversos grupos fóronse agrupando a medida que avanzaba a guerra. Os nomes de José Neira, Manuel Freire (Cagallo), Luís Trigo (Gardarríos), Ramiro Martínez (Zapateiro), José Vázquez (Patitas), Xesús Lavandeira (Ladrillo), Benigno Andrade (Foucellas), Manuel Pena (Flores), Ramón Rodríguez (O Curuxas) convertéronse en moitas localidades en referentes da primeira resistencia antifranquista.

Francisco Allegue é buscado pola garda civil e pasa varios anos, entre o 36 e o 40, agochado nun oco feito debaixo da corte da casa de Pallara.

*Ramón, o fillo do alcalde de Vilarmaior [Antonio Rivera Ponte], foi quen denunciou ao pai de Adolfo. Despois os guerrilleiros andaban tras el, pero por moito que o intentaron non o daban collido. O que caeu foi o pai, que tamén era boa peza; foi entón cando Ramón fuxiu para Barcelona.*

S. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

*Cando botei o cemento encontreime no chan un burato que tiña a forma dun cadrado de, aproximadamente, 1x1 metros. Estaba cheo de terra e escombros. Máis tarde contáronme que nesta casa viviran os Riqueches, e que fixeran esta tobeira para agocharse dos que os perseguían. Alguén dixo que o oco chegaba ata a metade da estrada que vai a carón da casa. Non sei máis; foron tempos difíciles dabondo para todos.*

D. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

*O oco comunicábase con outro, pero dentro da mesma casa. Era unha lousa que el pechaba por dentro, e despois púñase enriba desta a bañeira das vacas.*

*Unha vez estaba facendo uns zocas e avisouno a súa muller de que viña a garda civil. Francisco deixou todo e buliu para o oco. Cando chegaron os gardas e viron as zocas preguntáronlle a Antonia quen as estaba facendo, ao que ela contestou que, ao estar soa, tiña que facer de todo.*

*Máis dunha vez ameazaban a Antonia coas pistolas e ela sempre negou que soubera onde estaba o seu home. Francisco escoitaba todo desde o refuxio e moitas veces creu tolear pola impotencia que lle producía todo aquilo.*

*O pai de Francisco non paraba de preguntarlle a Antonia onde estaba agochado o seu fillo, pois antes de morrer quería velo e falar con el. Antonia nunca llo dixo.*

*Despois de entregarse, Francisco tenlles ensinado aos gardas onde estivera ago-*

7. v. X. M. SUÁREZ, *Guerra civil...*



Casa da familia Allegue en A Pallara (Vilarmaior).

*chado e recordáballes como petaban no chan coas culatas dos fusís mentres el oía todo.*

*Buscábano porque tiña ideas distintas ás deles. Nunca souben que estivera afiliado a ningún partido.*

*C. Ferrol, abril de 2004*

*A nai de Riqueche máis dunha vez levou unhas trompadas da garda civil. Incluso fixérona andar pola canle do muíño chea de auga e non paraban de preguntarlle polo seu marido.*

*S. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004*

*Quen o convence para que se entregue á garda civil é o cura José Pérez Yudá, coa promesa de que non lle ía a ocorrer nada. Isto sucedeu cando caeron os de Sanguñedo [27-9-1940].*

**Manolo López.** *A Cepeira. (Vilarmaior), Xaneiro de 2004*

*O mestre de Grandal, Don Primitivo, falou coa muller de Francisco dándolle a súa palabra de que el iría co seu home. Antonia comentouno co seu marido e este estivo dacordo. Francisco presentouse á garda civil na compañía do mestre e do cura Yudá. Non pasou nada.*

*C. Ferrol, abril de 2004*

Por estas datas a familia trasládase a Bouzoa. Riqueche fora detido, pero non coñecemos as circunstancias. Sabemos, non embargante, que estivo no cárcere de Pontedeume primeiro e que despois trasladárono ao castelo de San Filipe, onde debeu permanecer entre os anos 1941 e 1943. En San Filipe contacta posíbelmente con Manuel Gómez Varela (Fera Brava) e con

Rogelio Alonso. O primeiro segundo escapou a Francia en xullo do 39 con vinte e seis compañeiros, tras requisar en Ares o bou "Ramón". Entregado polos alemáns, saíu do cárcere no 47 para incorporarse á guerrilla. O segundo estivo no destacamento Arturo Cortizas, con cuxos membros morreu no 49.

Na prisión é posíbel que Riqueche coincidira con membros do PCE. Os campos de concentración, as prisións -como a do convento de San Rosendo en Celanova-, e as minas prisión -as de volframio, sobre todo, no Casaio, Silleda e Bandeira- foron os núcleos embrionarios do Partido na posguerra<sup>8</sup>. Deixárono en liberdade en 1943, pero se ten que presentar regularmente no cuartel da garda civil.

*Sei que o chamaron para voltar a facer a mili e non se presentou. Xa estivera no cárcere de Pontedeume sobre o ano 1940 ou 1941. O pai entregouse á garda civil porque o convenceu o cura José Pérez Yudá. O mestre de Cabana, José Pérez Rodríguez [membro da Falange], andaba tras el. Ninguén o volveu a molestar.*

*C. Ferrol, abril de 2004*

Daquela comezaba a tomar corpo a resistencia contra o réxime. A guerra rematara en España, pero no resto de Europa intensificábase un conflito que parecía querer prolongar o enfrontamento contra o fascismo. As forzas democráticas no exilio puxeron as súas esperanzas no triunfo dos aliados. Querían comprometer a participación das potencias occidentais no derrocamento do réxime franquista.

Foi o PCE, partido que posuía unha maior capacidade organizativa, o que apostou decididamente pola loita guerrilleira como medio de acabar co franquismo. Ao mesmo tempo empezou a desenvolver un labor de reconstrución das súas estruturas na clandestinidade. En Ferrol constituíuse un comité local do Partido en 1942, que recrutou os seus membros maioritariamente entre os traballadores de Construcciones Navales Militares, S.A. (Bazán). Na Coruña, Alberto Puente aparece á fronte dunha pequena agrupación. Na zona nordeste, o comité provincial de Lugo, con José Temblás Paz como secretario desde 1944 -morto no 49 en Pazos, despois da súa incorporación á guerrilla-, foi o catalizador do movemento guerrilleiro.

*Tembrás creo fora do Partido Comunista, antes da guerra, claro... e algún outro, outros da CNT, socialistas...*<sup>9</sup>

Despois da súa saída do cárcere, Riqueche regresa a súa casa. Non deixa naqueles tempos de ter problemas coa garda civil. Quizais sospeitábase das conexións que mantiña con xentes próximas ao PCE ou con algúns dos fuxidos. Nunha daquelas ocasións que veu aparecer un camiión con gardas civís se lle escoitou dicir: "*Antes de volver ó castelo, voume para o monte*".

8. Harmut HEINE, *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo, 1980

9. v. MÁIZ, *Voces...*



Entre as razóns que lle impulsaron a fuxir quizais pesaron as detencións que se sucederon na comarca nos anos 1945 e 1946, coas caídas dos comités do Partido e da Unión Nacional Española de Lugo e Ferrol, e que en Pontedeume supuxeron o encarceramento dos socialistas Salvio Vázquez Blanco, antigo membro da corporación republicana, Eduardo Rodríguez, Manuel Piñeiro (Carabilla) e Ramón Campos, relacionados co cobro das cotas para o Socorro Rojo. O certo é que a altura de 1946 xa parecía actuar de enlace para a guerrilla<sup>10</sup>. Puido ser por mediación de Salvio, que fixera amizade cos do monte e para os que facía de enlace, segundo Antonio Abelleira (Toñito), con quen compartiu prisión na Coruña. Despois da detención deste último Riqueche chego a afirmar: "*Colleron a Salvio, pero a min non me collen*".

*Colléronos en 1945 ou 1946. Eran os encargados de cobrar a cuota. Vinnos no cárcere da Coruña.*

**Chacho Agras.** Pontedeume, abril de 2004

*Ao meu pai collérono con Eduardo de Pontedeume [Eduardo Rodríguez Paz] e mandáronos primeiro a Coruña e despois ao penal de Burgos. A miña nai estaba embarazada e moi próxima a parir. O meu pai estivo tres anos no cárcere e Eduardo cinco*

**Fillo de Salvio.** Pontedeume, marzo de 2004

*...Dou por seguro que antes ou despois de ir para o cárcere andaba cos de Pontedeume: Salvio, etc. A garda civil andaba atrás eles e de seguro que os foi deixando facer ata collelos a todos, como pasou co Salvio, que caeu en 1945 e casi o matan da paliza que levou.*

**Manolo López.** A Cepeira (Grandal), xaneiro de 2004

*Estaban traballando o pai e máis o fillo na miña casa. Botábanlle o eixo ao carro. Unha mañá chegou só o pai e ás preguntas de onde ía o Riqueche, este respondeu que pola mañá cedo o seu fillo pediulle algúns cartos para ir a mercar a Ferrol unhas botas. Daquela foi cando fuxiu. O pai choraba cando o contaba.*

**P. Andrade,** febreiro de 2004

*Poido matar a varios falanxistas da zona, pero non o fixo. Estes e a garda civil llo fixeron pasar moi mal a súa nai e familiares. Non paraban de pediren fotos do fuxido. Había xente de dereitas que lle axudaba. Era de estatura normal, moreno e tiña un pómulo máis saínte co outro. De fuxido ten ido a festa de Vilachá. Había un tenente da garda civil en Ponte da Pedra (Monfero) que decía que Riqueche tiña carreira e que disparaba con dúas pistolas á vez.*

**C. Ferrol,** abril de 1999

10. Bernardo MÁIZ, *Galicia na Segunda República e baixo o franquismo*, 1988

No monte Riqueche andou só durante un tempo. Contan que atopou refuxio pola zona de Gunturiz e que despois desprazouse até os arredores de Betanzos e de Oza dos Ríos, onde tivo amoríos cunha muller da zona.

*Cando escapou Riqueche ao monte, o pai díxolle á súa muller: "Ao mellor non ben nunha tempada; ti non te preocupes".*

E. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

En represalia, os pais foron desterrados a Villamuriel de Cerrato. A policía, ademais, cría que Antonia seguía en contacto co fillo, que pode que pasara algún tempo escondido na casa de Bouzoa. Corría o ano 1948. En Villamuriel viviron dous anos, nunha das covas preto da fábrica de fariñas, onde o pai traballou como carpinteiro; acadou certa sona de manitas. Un garda civil do pobo, casado cunha muller de Caión, traíalle noticias da casa. O pai non lle deixaba de preguntar polo fillo. Morreu en 1950, un ano despois que o seu fillo. A nai aínda viviría uns anos máis. Non é difícil supoñer como debeu pesar no ánimo de Riqueche a orde de desterro contra os seus pais.

*As autoridades desterraron ós seus pais a Villamuriel de Cerrato, foi no 47 ou 48; paréceme que alí acolleunos unha familia. O pai, Francisco Allegue, morreu alí poucos meses despois de que mataran ao fillo en Pazos. Á nai, Antonia Allegue, deixárona voltar para acó ao pouco tempo; aquí foi acollida na casa de Espada de Grandal. Morreu o 8 de xaneiro de 1988.*

*Cando mataron a Riqueche, Francisco fora a por unha sella de auga e ao voltar para a casa contáronlle o da morte do rapaz e cando chegou xunto a súa muller, díxolle: "xa poderás estar contenta, matáronnos o fillo". Isto sempre contábanolo Antonia cando regresou.*

C. Ferrol, abril de 2004

*Cando chegaron a ese pobo de Palencia pasárono moi mal. Viviron nunha coba, pero despois as cousas melloraron poideron instalarse nunha casaña. Despois de morrer o fillo deixáronos voltar a Galicia, pero Francisco caeu enfermo e alí quedou enterrado.*

*A xente encariñouse con eles, incluso cando Antonia xa estaba vivindo aquí, viñeron a visitala persoas dese pobo. Eran moi queridos.*

E. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004

*Recordo tamén que o pai escribíame co nome cambiado, eu tamén facía o mesmo, pero agora non recordo o nome. As cartas xa non as teño, queimábaas según chegaban, non eran tempos para andarse con lérias.*

*Cando mandaron ós pais para Palencia, Riqueche creo que levaba dous anos no monte.*

*A raíz do desterro dos seus pais foi cando Adolfo empezou a merodear e matar por esta zona.*

*O mestre de Cabana (Grandal), José Pérez Rodríguez, andaba tras el. Nunha oca-*

*sión, cando eu estudiaba polas noites, preguntome: "¿Tu sabes dónde está el Riqueche?" Eu calaba, pero ben sabía onde quería chegar. "Se que eres su amigo, lo único que quiero es saber por donde anda para decirle que si se entrega no le va a pasar nada". Eu seguí coa boca pechada e xa non insistiu máis.*

*Tivo unha filla cunha muller que traballaba na casa de Río, en Breanca [Vilarmaior]. Era xente moi pudente. Ela marchou para Barcelona... A ela levárona unha vez ao cuartelillo e despois colleron ó pai de Riqueche e careáronlos. Os dous negaron coñecerse.*

**Manolo López, A Cepeira (Grandal), decembro de 2003**

*A noiva de Riqueche foise de Vilarmaior para Santa Mariña [Ferrol] e despois marchou para Venezuela coa súa filla. Anos máis tarde instaláronse en Barcelona. A filla casouse e ten dous fillos. Anos máis tarde voltou para Galicia.*

*Contoume o outro día que cando Riqueche a ía a visitar a Breanca, sabíano o dono da casa, pois os cans ladraban dunha forma distinta.*

*Paréceme que unha vez Riqueche quíxolle dar unha foto onde estaba con outro, pero ela non a quiso, era dabondo perigoso andar con el naqueles tempos.*

**C. Ferrol, abril de 2004**

Son os anos da constitución en Galicia das primeiras organizacións guerrilleiras, primeiro na banda oriental de Ourense, coa Federación de Guerrillas de Galicia-León e, posteriormente, no noroeste, aparece a IV Agrupación, denominada tamén "Pasionaria", que, entre 1943 e 1945, será o núcleo aglutinador dos diversos grupos de fuxidos que até entón operaban na zona: o grupo de Patitas e Zapateiro no Eume, o de Xosé M<sup>a</sup> Díaz (Xaime), Francisco Rey (Moncho) e Amador Domínguez (Jaime Pimentel) nas Mariñas e os fuxidos de Mesía e Ordes, entre os que se atopaban Benigno Andrade (Foucellas), Juan Couto (Simeón), José Ramuñán (Ricardito, Simeón), Lisardo Freijo (Tenente Freixo), Manuel Peña (Flores) e Manuel Ponte (Xastre). Baixo a iniciativa do mestre comunista Marcelino Rodríguez Fernández (Marrofer) celebráronse varias reunións en torno aos anos 1943 e 1944, nas que foi tomando corpo o Exército Guerrilleiro de Galicia, cuxa dirección asumirá Marrofer.

Precisamente, na vinculación á organización guerrilleira, Riqueche coincidirá con outros mozos, como Gregorio Dopico Fernández (Bolichero), enlace de Fedas; e Juan Pérez Dopico (Xan de Xenaro), de Limodre (Fene), que se incorporan en 1945, tras as caídas da organización comunista na comarca e da represión que seguiu á folga do aceite.

*En Fioebre (Bergondo) reuníme con Gregorio Dopico; con el estaba Riqueche.*

**Francisco Rey (Moncho)<sup>11</sup>**

A data clave que sinala o inicio da ofensiva guerrilleira é abril de 1946, cando o Partido Comunista envía a novos cadros a Galicia desde Francia para organizar a loita e reconstruír o apa-

11. v. Xosé NEIRA VILAS, *Guerrilleiros* 1991,

rato do Partido, debilitado polas caídas do ano anterior e que o deixara reducido ao núcleo do Arsenal de Ferrol e a algúns contactos con Pontedeume<sup>12</sup>. As dúas cabezas da nova cúpula foron Xosé Gómez Gayoso (López), secretario xeral do Comité Rexional, e Antonio Seoane (Julián), responsable militar da guerrilla. Nas primeiras reunións que sostivo cos xefes guerrilleiros, Gayoso propón unir todos os grupos, deixar as accións locais e iniciar unha campaña de operacións a gran escala -atentados, sabotaxes, cobro de sancións económicas-, despregando ao mesmo tempo un labor propagandístico. Sobre a base das anteriores partidas, creáronse diversos destacamentos: "Enrique Lister", na zona das Mariñas, "Santiago Álvarez" en Ordes e Curtis, e "Manuel Eibe", adscrito á área de Ferrol, Mugarbos e Pontedeume. Este último estivo dirixido inicialmente por Gregorio Dopico e tivo a Riqueche como comisario político. Ademais, foron incorporados á IV Agrupación os grupos que operaban na franxa occidental de Lugo que, baixo o nome de III Agrupación, estaban dirixidos por José Temblás.

A partir destes momentos membros da Falange, alcaldes, xerifaltes locais, convértese en obxectivos primordiais das accións guerrilleiras. Entre os anos 1946 e 1947 sinalados xefes da Falange son eliminados, entre outros os de Viveiro, Cambre, San Mateo de Trasancos, Ordes e Mesía. A todos eles se lles responsabilizaba dos labores de represión nas súas respectivas localidades.

A primeira acción na que se viu involucrado Riqueche suscítanos algunhas dúbidas en canto á súa autoría. Tivo lugar o 23 de xaneiro de 1946, cando tres homes, dos cales un deles é identificado como José Vázquez Mauríz (Patita), atentan contra o falanxista Esteban Cortizas Vilar (Bailarín) no Casino de Mugarbos. Os soldados que facían garda no Castelo da Palma advertiran a presenza dun automóbil, ás oito da noite, que circulaba a gran velocidade en dirección á vila; despois produciuse un apagamento<sup>13</sup>.

O Bailarín era xefe da Falanxe de Mugarbos e foi un dos principais responsábeis, con Manuel Vázquez Fariña, delegado de Orde Pública e alcalde, da cruelísima represión na vila nos primeiros meses da guerra, que lle custou a vida a 30 veciños.

Varias testemuñas -entre eles o enlace da guerrilla, Juan Anido- que sitúan a Riqueche na escena; outras, como é o caso de Josefa Gallego, da familia dos Buzos, discrepan.

*Estiveron na miña casa, saíron da miña casa. A miña nai dixo: "¡Aí, en qué mala hora vides!, que están aí as miñas parentes". Lle dixeron: "non se preocupe, que nos imos enseguida, que temos que facer os dous un traballo". Eu vinos aos dous; eran máis ou menos da mesma estatura. Riqueche non era, que eu de el acórdome moi ben. Non tardaron moito. Juan [Gallego] e José [Seoane], o meu primo, estaban coas noivas en Mugarbos. Entonces saíron de alí, estiveron no bar Tirabeque, sentiron disparos e saíron á porta, que non viron nada; entonces, marcháronse.*

12. v. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*, 2002.

13. Causa 86/46, v. MÁIZ, *Resistencia...*

[Os guerrilleiros] *Primeiro foron ao bar de Fernando e alí non estaban, e ao non estar alí, preguntaron e lles dixeron: "está no casino". E foron ao casino. Un quedou de gardaespaldas, outro máis lonxe, para gardar a retagarda; e Patita entrou e dixo: "¡Esteban!". Estaban reunidos, e estaba tamén Lisardo. Chamaron por el e di: "son eu, ¿qué pasa?", e lle disparan.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*Riqueche non participou na morte do Bailarín, foi Patita e outros dous de mediana estatura, non recordo máis deles. Matárono o 22 de xaneiro de 1946 (sic) ás 7.30 ou oito da tarde.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*A min díxome Pancho [Francisco Martínez Leira] nunha ocasión que quen ía con Patita era Riqueche. Quen o mata é Patita. El vai gardándolle as costas. Estaba na entrada e Patita introduciuse no casino.*

**Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004**

*Cando O Bailarín caeu, levárono para o hospital, porque non morreu no acto, estivo bastantes días agonizando.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*O Bailarín morreu porque tiña unha enfermidade. Estaba en tratamento; senón fose por iso non morría, que lle meteu seis ou sete tiros no ventre ou por aí, e aguantou, pero se lle complicou co outro.*

**Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004**

Outro informante involucra nos sucesos a Jesús López Ardao (Someiro), irmán dun dos xoves de Regüela represaliados no 36. O Someiro, que se entregaría en 1947 á garda civil, figura entre o numeroso grupo de fuxidos que durante a guerra, capitaneou Ramiro Martínez López (Zapateiro) e o propio Patita.

*O meu sogro, O Someiro [Jesús López], intentou matar unha vez a un falangista de Mugardos. Armouse un follón caralludo.*

**Jose Antonio Vilar Fernández. Valedoso (Cabanas), marzo de 2002**

Pola súa banda, a garda civil implicou a Manuel Rodríguez Pérez (Galán), de Porcar (A Capela), integrante tamén do grupo do Eume, que uns meses despois foi visto, na compañía de Gregorio Dopico Fernández (Bolichero) e de Manuel Vilar Pazos no lugar do Calvario (Narón), onde foron a cometer un atraco ("*el cual se cree es asimismo (sic) autor del atentado a mano armada cometido en el Casino de Mugardos en enero último contra el falangista del mismo punto Don Esteban Cortizas, produciéndoles heridas que más tarde le causaron la muerte*")<sup>14</sup>.

14. causa 515/46, v. MÁIZ, *Resistencia...*

Todos os datos descartan, polo tanto, a intervención de Riqueche e apuntan a Someiro e a Galán, vinculados a Patitas como integrantes da partida que daquela viña actuando na comarca. Membro tamén da partida foi Manuel Piñeiro Antón (Manolo do menor), de Soaserra (Cabanas), con quen colaborou Someiro noutro atentado contra o falanxista de Pontedeume, José Rivera (Pepe o lugués), no lugar de Campolongo, en decembro de 1944.

En 1947 Patitas foi depurado pola organización. Algúns sosteñen que foi por motivo dunha violación, outros atribúen a Francisco Rey (Moncho) a orde de eliminación, debido ás disputas que sostían os dous. Co tempo, recorreuse con frecuencia a este procedemento para eliminar toda forma de discrepancia ideolóxica ou de desviación das rixidas normas que, por seguridade, dictaba a clandestinidade. Así ocorreu con Ramón Fraga Couceiro (Parara).

*A Patita mataronos eles [os guerrilleiros]. Había moita xente que se desviaba e...claro; decían: "¿a onde va?, a Ourense", e con dicir que ían a Ourense é que o mataban.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

Morto Marrofer nunha emboscada no verán de 1946, a dirección da Agrupación pasou a asumila Manuel Ponte. As partidas, convertidas en destacamentos, foron militarizadas, con xefes militares e comisarios políticos, asignándolles zonas determinadas de actuación. Os grupos, en xeral, non excedían o número de 5 ou 6 guerrilleiros.

O celo excesivo no proceso de militarización das partidas, fondamente criticado por algúns guerrilleiros, levou a algúns dirixentes a propugna-la adopción incluso dun uniforme guerrilleiro. Segundo un informe do dirixente Melchor Díaz, o uniforme consistía nunha "guerrera con una pequena solapa, con un escudo redondo con la estrella de cinco puntas en el centro y en las letras IV Agrupación Pasionaria. En las solapas lleva entrelazadas las banderas republicana y de Galicia con una pequena estrella de cinco puntas. El pantalón es liso y del mismo color que la guerrera. Llevan capa y un gorro con una pequena visera para impedir que la lluvia les caiga en los ojos, un cordoncito rojo y la estrella de cinco puntas. El color del uniforme es gris oscuro, para impedir que en la noche se perciba"<sup>15</sup>.

No resumo do asalto á casa de Pazos, aparecido na La Voz De Galicia o 1 de novembro de 1949, recóllese o seguinte aclaración: "Tres de ellos iban uniformados de gris oscuro, con guerreras en cuyas solapas llevaban cruzadas la bandera republicana y la gallega, en cuyo centro había una estrella de cinco puntas". Algúns dirixentes achacaron estas ínfulas militaristas a Manuel Fernández Soto (Coronel Benito), máximo responsábel político e militar tralas mortes de Gayoso e Seoane. Pero seguen existindo opinións discrepantes.

*¿Uniforme de que? Tiñamos uns capotes de garda civil que nolos fixera a irmá de Cernada, que era costureira e traía a máquina; traíana eles de noite a coser. O*

15. Informe de Melchor DÍAZ sobre as guerrillas, xuño de 1949, v. V. M. SANTIDRIÁN, *Historia del PCE...*

*que estaba no concello tamén viña a escribir a máquina e todo iso. De día era Tocho quen escribía, e eu tamén escribía algo. E era isa -xa non lembro o nome- quen nos facía a roupa, os pantalóns. Algo que había que mercar, mercábanos os irmáns. Ían ás feiras e mercaban todo nelas. No ían ao comercio. Eu nunca vin ningún uniforme, capotes si.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*Pancho e Riqueche levaban unha gorra coa estrela de cinco puntas.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

A estas alturas xa se foran producindo algunhas defeccións nas filas da guerrilla, entre elas, un dos líderes da guerrilla eumesa: Ramiro Martínez (Zapateiro), concelleiro da corporación republicana de Cabanas deica 1936. O férreo control que o Partido estaba a exercer sobre as partidas, nas que a militancia comunista non era maioritaria, pero si moi influente, sumado á desilusión provocada pola inhibición dos países aliados cara ao réxime franquista, foi minando a confianza dos homes do monte, que vían ademais a victoria cada vez máis postergada. Ademais, o final da guerra en Europa provocou o reforzamento da represión interna. Nos últimos días de 1946, vinte e dous guerrilleiros de Ferrol e Pontedeume fuxiron a Francia nun barco desde o porto do Vicedo, entre eles atopábase Jesús López (Someiro).

*Nesas condicións, a loita armada, ademais de absurda, polo suicida, era contra-productente. As xentes, sen perspectivas inmediatas, non o apoiaban como antano. De aí o plan de evacuación a Francia.*

**Antonio Paleo Saavedra<sup>16</sup>**

## O DESTACAMENTO ARTURO CORTIZAS

Riqueche foi dos que decidiu continuar a loita. Entre finais de 1946 e principios de 1947 aparece á fronte do destacamento Arturo Cortizas, inicialmente encadrado na III Agrupación do Ejército Guerrillero e incorporado á IV Agrupación a finais de 1946, tras a reconstrucción dos destacamentos e os cambios na cúpula guerrilleira que sucederon á morte de Marrofer. Desde 1947 o histórico dirixente do comité lugués José Temblás abandonou a zona onde viña operando e, na compañía de José Chao Rouco (Benita), antigo enlace da guerrilla, incorporouse ao destacamento Arturo Cortizas, participando desde entón en moitas das accións que protagonizou o grupo até a desfeita de Pazos en outubro do 49.

Ao longo de 1947 fóronse sucedendo varias caídas do PCE na Coruña e Ferrol. A situación agrávase coa morte de Manuel Ponte o 22 de abril nunha nova emboscada en Fontao (Frades). Ao día seguinte, o grupo de Riqueche atentaba contra o alcalde de Vilarmaior, Antonio Rivera Ponte (Riveiriña), no lugar de Barrio (Vilarmaior). As testemuñas afirman que cinco guerrilleiros se pre-

16. EL PROGRESO, 1 sep. 2002

sentan nunha taberna da Torre, onde se atopaba O Riveiriña, identificanse como membros do "Exército Guerrilleiro" e, despois de esixirle 4 000 pesetas ao propietario, increpan a Riveiriña, lévano con eles e mátanos. Un dos guerrilleiros identificados era Juan Pérez Dopico (Xan de Xenaro).

*Atopeime con eles sendo eu unha rapaza. Era pola noite. Un deles era o Riqueche, que ben o coñecín. Dixome: "Non os preocupedes, que non imos faceros dano, nós só andamos tralo Ramón. Ídevos para casa e non digades nada a ninguén". Eran tres, non había luz pero distinguíase ben. Ían cuns gabáns de cor caqui e levaban morrales.*

**E. Grandal (Vilarmaior), maio de 2004**

*Dixenlle que se fora pola porta traseira, pero cando saliu había alí dous guerrilleiros. Dixéronlle unhas cantas cousas e despois pegáronlle varios tiros sen contemplacións.*

**Amador Amado. Vilarmaior, febreiro de 2003**

*Lle apodaban Riveiriña, era moi mala persoa; matáronos os guerrilleiros polas maldades que fixo.*

**S.O. Vilachá (Monfero), abril de 2003**

Mentres tanto, a sucesión á fronte da IV Agrupación recaía en Francisco Rey (Moncho). Baixo a súa dirección a guerrilla incrementa as accións de represalia, o cobro de multas a persoas afectas ao réxime e prosigue coa militarización da organización.

Entre as accións máis sonadas levadas a cabo polo destacamento Arturo Cortizas nos meses seguintes, destacou o asasinato do cura de Taboada, Domingo Antonio Fernández Pérez<sup>17</sup>, na corredeira da Rouca, lugar da Veiga (Os Chaos-Pontedeume), feito que se produciu o día 6 de xuño de 1947. Unha veciña que pola mañá cedo ía pola parte alta da corredeira, que estaba anegada, viu no fondo da mesma unha egua aparelada e ferida que recoñeceu coma do cura. No chan, o cadáver de Domingo Fernández. Ao revisar o terreo atoparon enriba dun balado lateral, a carón dun carballo, dous cartuchos usados. O cura morrera de dous tiros de escopeta e outro de pistola. Na carteira tiña o carné de Falange. Xunto ó corpo foron depositados varios exemplares do "Mundo Obrero" e o seguinte escrito: "Pagó éste como pagó el fascista José Otero Castro, asesino de Rodrigo Álvarez. Ejército Guerrillero". Referíase o texto ao que fora secretario do Concello de Ares, Rodrigo Álvarez Pardo, que foi paseado en agosto de 1936, e a José Manuel Otero, morto polo guerrilla en san Xoán de Piñeiro (Mugardos), en marzo de 1947<sup>18</sup>.

*Un día antes de que mataran ao cura, andábamos meu irmán e máis eu na procura de leña pola zona; con nós viña un can que empezou a ladrar e a meterse polo*

17. v. OTERO, C.; SOBRINO, J. e DOMÍNGUEZ, M, "Fuxidos..."

18. Causa 351/47, v. MÁIZ: Resistencia....



*tozal. Meu irmán chamou o can e díxome que liscáramos de alí; eles xa estaban ao acecho. Foi Riqueche e os que ían con el, sempre se comentou iso.*

*C. Ferrol, abril de 2004*

O 14 de decembro de 1947 os guerrilleiros do Arturo Cortizas atracan unha casa en Santa Cruz do Salto (Cabanas)<sup>19</sup>. Interviñeron os guerrilleiros Xan Pérez Dopico (Xan de Xenaro), José Vilariño Fernández, Riqueche e outro máis que non foi identificado. O grupo presentouse na casa de José Antonio Fernández Paz preguntándolle se tiña armas e se fora miliciano nalgunha ocasión. Os guerrilleiros impoñenlle unha sanción de 300.000 pesetas por colaboracionista. Ao non atopar a cantidade, os guerrilleiros marchan cos cartos que tiña, ameazando con volver ao día seguinte polos cartos que faltan e levándose a un fillo como retén.

En xullo de 1948 as detencións de Gayoso e Seoane, e a súa posterior execución, acabaron por desmontar a dirección do Partido en Galicia. A confusión entre o aparato político e o militar é máxima, até o punto que a Dirección do PCE chegou a propoñer o establecemento do comité rexional na zona guerrilleira<sup>20</sup>.

Ao longo do ano, ao tempo que o Arturo Cortizas incrementaba os golpes, a dirección do PCE, alentada polos cambios na escena internacional e as novas directrices emanadas de Moscova, formulábase o abandono da loita guerrilleira a favor da acción política. O Partido difunde en setembro unha circular para promover a penetración nas institucións legais<sup>21</sup>. Na primavera dese ano o mando guerrilleiro convocou a unha xuntanza na Fraga do Eume a delegados de toda Galicia para discutiren a posibilidade da disolución.

En Galicia o cambio táctico tardou en facerse efectivo e as accións da guerrilla proseguiron malia as disposicións en contra da cúpula comunista en París.

Proba desa desconexión coa cúpula foi a continuación dos atentados. No mes de xullo, o destacamento asasinaba en Doroña (Vilarmaior) a Pedro Maceira Varela (O Gancho de Socamiño). A morte é atribuída pola garda civil a Riqueche. As testemuñas declaran que o tal Maceira fora obrigado a pagar unha multa. Xunto ao cadáver apareceu un exemplar do Mundo Obrero e un debuxo de Franco<sup>22</sup>.

*Matárono porque negouse a darlles diñeiro aos guerrilleiros. Creo que foi a banda de Riqueche. Era boa persoa, non se metía con ninguén. Foi avó de Francisco Amado, o médico de Pontedeume*

*S.O. Vilachá (Monfero), abril de 2003*

19. Causa 1/48, Tribunal Militar Territorial IV

20. v. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE...*

21. v. B. MÁIZ, *Galicia na II República...*

22. Causa 523/48, v. MÁIZ, *Resistencia...*

*Foron os bandoleiros os que mataron, era o día do Carme, o santo da súa muller. Sei que negouse a darlles diñeiro; dixolles que o gañaran co suor da súa fronte, como fixeraeél. Era un bo home.*

**Amador Amado.** Vilarmaior, febreiro de 2003

*Cando mataron o vello [Pedro Maceira] foi porque non quixo darlles diñeiro. Riqueche non o matou, ao contrario, mandou que o deixaran en paz. Cando xa marchaban un tal Pirucho, de Pontedeume, pegoulle uns tiros e o vello caeu morto. Estivo tirado no chan durante dous días ata que chegou o xuíz e levantouse o cadáver. A morte do vello sentoulle mal a Riqueche e co tempo o asasino caeu a mans do seu xefe.*

**O.** Pontedeume, marzo de 2004

A morte de Pedro Maceira desencadeou unha vinganza polas forzas da orde que, poucos días despois da súa morte, acababa coa vida de Andrés Cortizas Fernández e de Ramón Varela Arnoso (Ramón Dalonso)<sup>23</sup>.

*Andaba agochado [Ramón Varela] desde que fuxira para non presentarse cando a mobilización. Non sei si era guerrilleiro o ía pola súa conta. Dícese que foi a brigadilla a que o matou, creo que por vinganza da morte de Maceiras. Outros din que era un chivato e o liquidaron os da guerrilla. Non o teño moi claro. Non era de Grandal, era de Arnelas (Doroña).*

**E.** Vilarmaior, maio de 2001

*Era enlace dos guerrilleiros. Matárono en vinganza polo de Riveiriña.*

**Manolo López.** A Cepeira (Vilarmaior), maio de 2003

*Pasou [Andrés Cortizas] escondido moito tempo na súa casa, entre dous tabiques. O corpo apareceu nas Brañas da Ribeira, cando o encontraron creo que era de noite. Foi a garda civil ou a brigadilla, que é o mesmo.*

**C.** Ferrol, abril de 2004

*Era de Abercobo, unha bellísima persoa, matárono os guerrilleiros, non estou seguro se foi por diñeiro ou é que era confidente.*

**D.** Vilachá, maio de 2002

*Creo que foi a brigadilla, matárono en vinganza pola morte de Pedro Maceira. A súa casa servíalles de apoio aos bandoleiros.*

**Amador Amado.** Vilarmaior, febreiro de 2001

23. Causa 401/48, v. Máiz, Resistencia...

En agosto de 1948, o destacamento incendiaba o edificio do concello de Vilarmajor. A prensa guerrilleira facíase eco da acción:

*Las unidades de la IV Agrupación que actúan en la región de Puente deume están dando muestras de gran actividad en estos últimos tiempos.*

*Unos destacamentos pertenecientes a dichas unidades penetraron recientemente en el pueblo de Villarmajor, situado entre Puente deume y Betanzos, no lejos de la capital.*

*Las "autoridades municipales" de dicho pueblo son de las que aplican a rajatabla las inicuas disposiciones mediante las cuales lleva a efecto el régimen su política de expolio en el campo. Por esa razón una gran mayoría de los campesinos que son vecinos de dicho Ayuntamiento, además de padecer el abusivo y general control, se encuentran sometidos a expediente y amenazados con multa y otros castigos.*

*Conocedores de esa situación por referencias que les habían sido facilitadas por los propios campesinos, los guerrilleros decidieron emprender una acción de defensa de la población y de represalias contra los jerifaltes falangistas.*

*Por ello es por lo que, como se dice más arriba, unos destacamentos guerrilleros penetraron en dicho pueblo hace unos días. Después de neutralizar toda posibilidad de oposición por parte de los enemigos, los combatientes republicanos se dirigieron a la alcaldía y le prendieron fuego, asegurándose de que todos los expedientes de represión y multas contra los campesinos están destruidos por el fuego. La operación fue efectuada con la máxima celeridad y con toda precisión.*

*El entusiasmo que este hecho produjo en la población campesina subió de punto cuando, unos días después, uno de los destacamentos guerrilleros se presentó de nuevo en el pueblo repartiendo propaganda del Partido Comunista y la IV Agrupación, en la cual se explicaba el sentido de la operación y las razones que habían impulsado al mando guerrillero a realizarla.*

*Esta acción de los combatientes republicanos ha sido comentada con los más altos elogios, no sólo en Villarmajor, sino en toda la comarca.*

### **"El Guerrillero"**

As represalias continuaron contra os membros da Falange. Nas terras de Monfero era por todos coñecida a participación na represión do xefe local, Pedro Doval Varela. A muller do seu irmán Manuel, Amelia Antonia Abeledo Cortizas, rexentaba unha farmacia no Xestal. O 9 de outubro de 1948 o destacamento Arturo Cortizas asaltaba o establecemento e mataba ao matrimonio.

*Había tres camaradas apostados enfrente, vixiando a casa, para que non entrara xente. Amarraron un pañuelo na gorxa a un, que era o meu irmán [Juan Gallego Abeledo], como si fose lesionado. "¡Ai, que veño ferido!, a ver que me podían facer, dádeme algunha pomada". E entón a farmacéutica chama ao marido e lle di: "ven, que hai aquí un home ferido", e así que chegou o marido Riqueche sacou a pistola, púxose ela diante e matáronos aos dous*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

Ao longo dese ano de 1948 o destacamento foi detectado na zona de Betanzos; algunhas das súas operacións centráronse no cobro de multas a varios veciños, como a de

100.000 pesetas que Riqueche, Rosendo Sar e Vilar Arnosos lle impuxeron ao veciño de Betanzos Manuel Vicaría. Este acaba entregándolles 30.000 pesetas. E a que pagou de forma fraccionada Jerónimo Souto, por un total de 50.000 pesetas. Nesta ocasión, entre os homes de Riqueche atopábase José Ramuñán Barreiro (Ricardito).

En novembro, o grupo, ao cal se incorporaron os guerrilleiros Benigno Andrade (Foucellas), Ramuñán, Rosendo e Neira -este último pasárase aquela noite á guerrilla- intentaron aforcar a dous veciños de Vilouzas (Paderne): Antonio Díaz Novo e Manuel Vidal Meceiras. Tras o fracaso no intento de consolidar na provincia de Pontevedra un grupo guerrilleiro estábel -a V Agrupación- e acosado constantemente polas forzas policiais, que en maio de 1948 exterminaron á maioría dos seus homes nunha casa de Lourerio (Luou-Teo), Foucellas deixou a zona en compañía de José Ramuñán Barreiro (Ricardito, Simeón). Foucellas caera, ademais, baixo as sospeitas da cúpula guerrilleira, que rexeitaba a súa falta de disciplina e quizais sospeitara dunha posíbel traizón. O mando guerrilleiro incorporouno ao grupo capitaneado por Riqueche. O episodio, tal e como aparece na declaración que fai á garda civil en 1952, despois da súa detención, non deixa de ter algúns puntos escuros. Foucellas afirma que Riqueche lle encarga a execución dos dous homes para probar a súa fidelidade e que, para evitar que morresen, fixo un lazo con trampa.

*Preguntado diga si tiene algo que decir, dijo que a últimos del año de mil novecientos cuarenta y nueve [ocho], la partida del Riqueche formada por éste, Rosendo, y tres más, había acordado ahorcar a dos paisanos vecinos de Villouzas, llamados Díaz y Vidal, y al concentrarse varias partidas para entrevistarse con los jefes, en el monte en una base próxima a La Capela, el Riqueche dijo al declarante que debía encargarse él de la ejecución, para congraciarse con los jefes, pues llevaba mucho tiempo con ellos y aún no había hecho nada y entonces el declarante dijo que sí, y fue él mismo el que fue a buscarlos a casa acompañado de los citados y el Ramuñán, y fue el declarante en persona el que hizo el lazo con trampa para que no funcionase, como así ocurrió, y que una vez fueron colgados al ser lanzados a un punto más bajo del árbol donde fueron colgados, como al que atara el declarante le había puesto cuerda suficiente y lazo flojo, debió de soltarse o romper la cuerda por un punto que había sido falseada por el declarante y de esa forma el salvarse él, debía de salvarse forzosamente el que había sido atado por el Riqueche; que a continuación le ordenaron que fuese el declarante el que diese el tiro de gracia a los sentenciados, lo que hizo cuidando de no darles y manifestando a los de la partida que habían quedado muertos, sin ser cierto; hecho este que más tarde fue descubierto salvándose el declarante al no haber podido comprobar la trampa hecha.<sup>24</sup>*

24. v. Luis LAMELA GARCÍA, "Foucellas". *El riguroso relato de una lucha antifranquista (1936-1952)*, 1992

Algunhas semanas despois, Foucellas, moi oportunamente, abandonaba o destacamento<sup>25</sup> e volve a operar pola súa conta. Aínda se mantería no monte catro anos máis, cando foi capturado pola garda civil nas proximidades de Oza dos Ríos.

No ano 49 estreitouse o cerco policial sobre a guerrilla na comarca. Dous oficiais da garda civil, Aurelio Varela e Gil Lamela, dirixiron as operacións.

En xaneiro Riqueche participou, xunto co guerrilleiro eumés Francisco Martínez Leira (Pancho), no atentado frustrado contra o alcalde de Mugardos, Manuel Vázquez Fariña (El Pescas), de resultas do cal morrería o falanxista Arsenio Muñiz Fernández. Ambos os dous relaciónanse cos sangentos sucesos derivados da sublevación do 36 en Mugardos.

A noite do día 1, Riqueche e Pancho entraron no café Mugardés en busca do alcalde, pero, ao atascarse a pistola, aquel puido fuxir pola parte de atrás, e foi Muñiz quen recibiu os disparos. Aquel foi o bautismo de fogo de Pancho que, incorporado á guerrilla en 1947, xunto con Juan Gallego (Comandante, Buzo), Manuel Bastida Franco (Chone) e Juan José Romero Ramos -os tres de Mugardos-, foi un dos últimos sobreviventes da guerrilla galega. Morrería polos disparos da garda civil en decembro de 1954, en Ombre (Pontedeume), o lugar onde nacera.

*Cando o de Muñiz, foi Pancho e Riqueche. Pancho chegou e estaban todos no mostrador. Estaban Rabina, Muñiz, todos eles [Juan Rabina, Jacobo Zárata, Eduardo Porta, coñecidos falanxistas]. Enton chega el [Pancho] e Riqueche quedase na porta. Había cousa de cinco minutos que estivera alí un garda civil, ¡fixate tu!, o mesmo chegan e se atopan con el.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*...E Pancho colle e lle dispara, pero se lle encasquillou a pistola.*


**Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004**

*Estaba Juan Rey e pensou que era unha broma, porque era o día de Aninovo e levantouse cos brazos e dixo: "son eu", e entón Pancho lle disparou, pero aos pés. Cando viu que era certo, deuse a volta, e foi o tío o que lle salvou a vida ao Pescas, porque logo, cando lle quiso disparar el Pescas, se lle encasquillou a pistola*

**Carmen Filgueiras. Mugardos, marzo de 2004**

*...Pero niso, xa lles deu marxe para saír pola cociña; había unha escalerilla de caracol e saltaron cara uns terrenos na parte de atrás. O Pescas escapou o primeiro e tamén escapou Rabina e non sei se había outro máis. Muñiz era o último e Pancho se lle acercou á escaleira, viu subir a Muñiz, lle disparou e caíu polas escaleiras, e despois levárono nun carretillo a casa. Iso foi así*

**Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004**



Josefa Gallego, Carmen Filgueiras e Juan Anido

No informe da garda civil aparecen Riqueche, Pancho e Antonio López Jaspe. Segundo as declaracións das testemuñas, algún deles saíu dicindo: *"viñamos polo peixe gordo e palmou un merdán"*<sup>26</sup>. A garda civil, como represalia, asasinou catro traballadores dous días despois: Florentino Iglesias Varela, cuñado de Pancho, Francisco Loureda Silvar (Kiko), Juan Fuentes (Pitón) e Antonio Martínez Ferro, aos que se lles aplicou a lei de fugas no cemiterio de Catabois<sup>27</sup>. A resposta tampouco se fixo esperar por parte dos guerrilleiros e o 8 de febreiro Pancho, acompañado do Buzo e Antonio Veiga Mejuto (Cacharrón), disparaba contra o garda civil José Casal na estrada de Ares a Mugardos. Un retén da garda civil, ao mando do tenente José Torres, achegábase momentos despois e atopou, nun improvisado refuxio, unhas hamacas, municións e unha folla co seguinte escrito: *"A páus y-a tiros contra os larpeiros falanxistas. ¡Fora os cupos e as tasas! ¡Morra Franco, culpable d'a ruina dos labradores!"*<sup>28</sup>.

O tenente Torres estaba no punto de mira da guerrilla. O tenente gañárase unha temíbel reputación na comarca do Ortegal, onde dirixiu a represión, e durante a posguerra destacou como un dos máis activos perseguidores dos maquis. En febreiro de 1949 caeu nunha celada en Xubia na que interveñen Juan Gallego (Comandante, Buzo), Pancho e Riqueche. Sucedeu o día 22, cando baixaban do tranvía de Ferrol o tenente Torres e mailo seu axudante. Pancho e Riqueche cubrían a retirada á outra beira da estrada, detrás duns sebes. Juan Gallego fixo sete disparos.

*Siendo las veintiuna quince horas del día de ayer veintidós de Febrero del 1949 y en el lugar del Empedron de Jubia, Ayuntamiento de Neda, a los pocos metros de*

26. causa 06/49, v. MÁIZ, *Resistencia...*

27. v. Francisco GONZÁLEZ VIDAL, *Paco Balón: memorias de un comunista ferrolano*, 1999

28. causa 58/49, v. MÁIZ, *Resistencia...*

*descender del tranvía en el que había llegado procedente de El Ferrol para dirigirse a su domicilio, el teniente de este Instituto Armado Don José Torres Santiso, acompañado del Guardia 2º de escolta Julio Domínguez López alumbrando con una linterna ordenó a este que identificara a un individuo que parecía se ocultaba a la vista contra unos zarzales, y en ese instante fue golpeado el Guardia cayendo al suelo a la vez que otro u otros sujetos dispararon varias veces con dos pistolas contra el Teniente Torres Santiso que cayó herido falleciendo a los pocos minutos.<sup>29</sup> Veu o tenente Torres cun gardaespaldas. Viñan os dous. Juan estaba paseando pola acera. Os outros estaban detrás, gardándolle as costas. Entón, desconfiou Totrrres de el e lle di: ¡Oe, fai o favor, ven aquí!. Entón Juan botouse a gabardina para detrás e bum, bum, e tamén lle disparou ao uotro e lle pasou rozando, pois lle levou a pel un pouco e empezou a correr, a escapar rúa abaixo. Entón, saíu a viúva ao balcón, lle dispararon e ela meteuse enseguida dentro, e a Torres cando caíu -contome Juan [Juan Gallego]- fóiselle o tricornio rodando pola acera e el decía "cabrón, cabrón".*

**Juan Anido. Mugardos, marzo de 2004**

*Tivemos que levalo un compañeiro e máis eu. Daquela estaba a facr a mili. Deixáronlle o peito coma un colador. Trasladámolo ao hospital de Mariña e el non paraba de berrar que lle deran a pistola para matarse, dicindo que un bo militar tiña que morrer en sangue quente. Cando xa estaba na mesa de operacións, foise a luz e o capitán Ceriquián (j) cansouse de chamar a FENOSA; estaba coma un tolo. Non deixaba de berrar e xesticular. Desde o atentado ata que morreu pasaría máis ou menos unha hora. Era un home forte, tiña unha gorxa coma un boi.*

**P.R. Cabanas, abril de 2004**

## ESTRÉITASE O CERCO

Nos meses que precederon a súa morte, Riqueche volveu á súa antiga zona, onde se movía con máis seguridade. As accións que emprende o destacamento Arturo Cortizas desde marzo deica outubro, cando son exterminados en Pazos, centráronse nos concellos de Vilarmaior, Pontedeume e Monfero.

En marzo, de novo xunto con Pancho, asaltou ao xefe de Falange de Ombre, Celestino Veiga Torre. Na declaración que este realiza á garda civil, conta que fora sorprendido o día 22 por un grupo de bandoleiros cando regresaba para a súa casa. Un deles, a quen identifican como Riqueche, lle dixo que lle entregase a pistola, contestándolle el que non a levaba no seu poder e que a tiña na casa; entón, o mesmo bandoleiro colleuno dun brazo e obrigouno a ir á súa casa para que lle entregase a arma. Outro dos que o acompañaban, Pancho, ao ver unha escopeta de caza colgada, propiedade do declarante, apropiouse dela. Despois, obrigárono a acompañalos, suposta-

29. causa 69/49, v. MÁIZ, *Resistencia...*



Muíño de Casanova (Vilarmaior)

mente coa intención de matalo. Ao marcharen polo camiño, atopáronse coas forzas da garda civil e comezou entre ambos un tiroteo, que o depoñente aproveitou para fuxir. A arma foi atopada sete meses despois, xunta os cadáveres caídos na casa de Pazos. O terceiro era probabelmente Juan Gallego (Comandante).

Na noite do 7 ó 8 de abril de 1949 o destacamento Arturo Cortizas incendia un muíño en Casanova (Vilarmaior)<sup>30</sup>. Nos arredores aparece propaganda do PCE. Varias testemuñas declaran ante a garda civil que unha partida de bandoleiros, despois de derribar a porta do muíño, prendéronlle lume. Dúas mulleres que se atopan con eles no monte, afirman que estes se presentan como guerrilleiros e que defenden á República. Un mozo recoñece a Riqueche, do que foi veciño antes de botarse ao monte. Riqueche explícalle o sentido da acción: o propietario, Rodrigo Amado Cagiao fora obrigado ao pagamento dunha multa de 80 000 pesetas e aínda non llas entregara. Na mesma declaración o propietario revela que en xullo de 1948 a partida presentárase na súa casa esixíndolle unha cantidade da que non dispuña neses momentos. En represalia, os guerrilleiros lle propinan unha tunda e deciden eliminar o seu sogro. Trátase de Pedro Maceira Varela, que fora eliminado en xullo do ano anterior. Despois de denunciar os feitos e ante o temor ás represalias, Amado traslada a súa residencia a Ferrol.

A crecente presión policial contra o maquis, a finais dos anos corenta, cebouse especialmente sobre as redes de apoio, a chamada "guerrilla do chan", elemento que resultou imprescindible para o mantemento dos guerrilleiros no monte; achegaban información sobre os movementos

30. Causa 126/49, Tribunal Militar Territorial IV



da garda civil, subministraban alimentos, medicinas, armas e municións. Nas súas casas atopaban refuxio as partidas nos constantes desprazamentos que se vían obrigados a facer. Veciñas das aldeas de Mugardos, Monfero e, sobre todo, Cabanas loitaron na retagarda con tanta coraxe e persistencia como na fronte faciano a guerrilla. As masivas detencións, en marzo de 1943, de veciños de Regüela e Soaserra, algúns deles familiares de fuxidos (Eibe, Vilar Pazos, Vilar Pereira, Barcia), son boa mostra desta complicidade<sup>31</sup>.

*Subindo de Cabanas para arriba podías contar cunha casa si e outra tamén*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*Queimáronos os montes de A Capela [ano 1950], por todas as puntas, para que nos collera no medio. Nós tiñamos alí -paréceme que se chama Cabalar- un punto de apoio que tiña unha tenda, creo que se chamaba Antonio, e cando viu aquilo veu ante nós. Entón saíu o Comandante [Juan Gallego] e dixo: "Antonio, ¿qué pasa?". "Saíde todos correndo, que plantan lume a toda A Capela". Toda a xente da aldea, cos raños, palas, picos, saíu a axudarlles a apagar o lume. Enfronte había un campo, que era do propietario da tenda, e entrou para axudarnos a baleirar a cabana, porque tiñamos máquinas de escribir, cousas da imprenta, e quitamos o máis necesario. Todo o pobo axudou. Toda a parte de alá era unha. So había unha casa, á que a llamaban de Ramuñán, onde non podíamos ir, que era un fascistán de carajo.*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

Tamén figuraban entre os colaboradores algunhas membros do clero e autoridades locais, como o alcalde da Capela.

[Rodrigo, alcalde de A Capela] *levábanos a comida, o leite, ... a información*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

Os enlaces "queimados" pasaban á guerrilla. A medida que as autoridades ían acabando coas redes de enlaces, a guerrilla esmorecía inevitabelmente, e aínda foi a máis cando, a raíz da decisión do Partido de militarizar as unidades guerrilleiras e desvinculalas das zonas onde tradicionalmente viñan operando, as poboacións comezaron a recear delas.

Nas casas dos puntos de apoio os guerrilleiros atopaban refuxio temporal. Moitas delas posuían unha cova ou refuxio soterrado no caso de rexistro policial. Nunha ocasión, con motivo do cobro dunha multa a un veciño das proximidades de Betanzos, o destacamento de Riqueche aloxárase na casa de José Pérez Monteiro (Pepito Vilouzás), enlace da guerrilla, nunha corte que tiña saída a un forno.

31. Causa 207/43, v. MÁIZ, *Resistencia...*

*Pasaron a noite na miña casa , cearon e ao outro día se foron, avisando que voltarían. Moi cedo, aquel atopounos no corral. Eran sete, de idades diversas, pero máis ou menos xoves, menos un, máis baixo co resto e que aparentaba ter uns 60 anos ou máis. O cabecilla [Riqueche] era barbudo, forte e de altura normal. Viñan moi ben equipados con mochilas, fusiles e moi abrigados; ían cara a San Andrés. Un deles [Riqueche] dirixiuse a José dicindo: "se lle pregunta a garda civil se nos viu, dígalle que si e onde, do demais, nin unha palabra". Saíron xuntos da casa e ao chegar a O Coirel [entre San Xulián de Arca e A Serra Vella] separáronse, fóronse polo camiño das medoñas. Sempre me trataron de vostede.*

**J. A. Fernández.** Tineo (Monfero), xuño de 1999

En Santa Cruz de Meá, na casa de Dolores Loureda, agochábanse con frecuencia Juan Gallego, José Freire e Julián de la Rosa Zamorano (Radista); alí estiveron a punto de caer, en 1948, nunha emboscada da garda civil. Tamén paraban na casa de Andrés o Carabiniro, na Pedreira (Mugardos), en Camouco, na casa de Fina, en S. Martiño (Cabanas), na casa das Balado, en Fene e nas dos Otero e Seijas en Regüela. Francisco Rey (Moncho), o que fora xefe militar da IV Agrupación, describe un destes refuxios.

*Recordo que fixemos unha base soterrada en Mugardos, a partir dun alpendre. Fixémola entre Riqueche -este, que era dado a inventar palabras chamáballe "o chintófaro"-, Dopico, Pancho, Cortiñas e eu. Primeiro, un burato de uns dous metros de ancho e máis de cinco metros de longo, moi fondo; estaba preto da estrada. Fixemos logo unha trincheira alongada, con moi bo camuflaxe. Sacábamos a terra coidadosamente, botámola nos sucos abertos, nalgunha leira arada, e voltábamos a arar, ou gardábamos todo elo en combinación co dono, sempre un colaborador noso.*

**Francisco Rey Balbís** (Moncho) <sup>32</sup>

Contaban, ademais, coas bases da fraga, preto das beiras do Eume, onde, a finais de 1948, instalouse a cúpula do Partido e da guerrilla.

*Dixeron: "Claro, como viñeron técnicos de Rusia". Dixen eu: "Creo que aquí non necesitamos técnicos de Rusia, porque os fillos do pobo saben traballar coma os rusos.." Tiñan unha técnica para facelo... Sempre buscaban as orillas dos ríos. Estivemos nunha, eu non sei si era Porto Balado ou por alá arriba, e había alí unha explanada onde queimaran carbón Fixemos o hoyo e despois cubrímolos con xestas e puxemos unha lona pintada de verde. Había moitas avionetas de recoñecemento e nunca nos descubriron. E no el río Eume había dous ou tres, ou non sei cantas había... ; era entre peñas, e era alí onde tiñamos a emisora. Alí estivo Julián [de la Rosa Zamorano] ... era aviador.*

**Josefa Gallego.** Mugardos, marzo de 2004

*Respecto á emisora, parece ser que despois da morte de Gayoso, Francisco Rey (Moncho) fixose cargo dela e, baixo a súa autoridade, Pancho e Riqueche encargábanse das transmisións.*

*Había dúas chozas na fraga, a nosa e outra máis abaixo. Había un timbre para comunica-las dúas. Alí facíamos "El mural" [periódico guerrilleiro]*

**Josefa Gallego. Mugardos, marzo de 2004**

*Esta base [destacamento Cortiñas, Cuarta Agrupación] reúne unas magníficas condiciones. Tiene una barraca montada en madera con techo de lona de 7x3 con piso de madera. Está incrustada en el monte, lo que la hace invisible, no siendo estando encima de ella. En su interior hay dos colchonetas que se pliegan en las horas de trabajo y se coloca un tablero en el centro en el que caben 20 camaradas para comer. Existe otra caseta donde está la intendencia y otra barraca hecha suplementaria donde dormían estos días algunos camaradas. La comida se hace con carbón de leña que no hace humo. Tienen hecho con piedra un lavadero en un riachuelo que pasa a tres metros de la barraca. Hay water con canalización subterránea. Tienen montada una ducha con una barrica de unos 30 litros, la que llean cada vez que un camarada se ducha para cambiarse de ropa. Se cambian de ropa una vez a la semana como mínimo. Todos los camaradas se afeitan cada dos días y tienen sus cepillos y pasta de dientes respectivos. Tienen una máquina de coser donde hacen las compañeras las chaquetas y pantalones. Tienen un aparato de radio miniatura de 20x10x5 que marcha con pilas secas de las lámparas<sup>33</sup>.*

*O das covas foi a máis cando chegou xente de afora coa radio e pola imprenta... Os de por aquí estaban nas covas, bases chamábanlles, pero tiñan as súas casas seguras, puntos de apoio, pero foron vindo máis, uns que escapaban e outros que viñan con mando. Estes foron o que foderon todo, non sabían de andar por aquí, nonos coñecía a xente... Sevil e Pepito e eses vivían nas covas do Xabariz e alí houbo varias asambleas, pero despois os destacamentos marchaban aos seus lugares.*

**Ramón García<sup>34</sup>**

No ano 1949 a situación do movemento guerrilleiro en Galicia era crítica. O Comité Rexional atopábase dividido. O enfrontamento entre Manuel Fernández (Coronel Benito), secretario xeral e máximo responsábel militar, por un lado, e Melchor Díaz (Diego) e Francisco Rey (Moncho), por outro, prolongáronse nas reunións na fraga cos xefes guerrilleiros (Xan de Xenaro, Pancho, Riqueche, Comandante, José Cortiñas e José Temblás). A desaparición de Manuel Fernández en maio deixou en mans de Melchor Díaz e Francisco Rey o control do Partido e da agrupación guerrilleira respectivamente.

O último día de maio de 1949, o destacamento Arturo Cortizas protagonizaba uns das súas últimas accións: o asalto o domicilio de Hermenegildo Sanjuan, en Pazos (Monfero). Novamente

33. v. V. M. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE...*

34. v. B. MÁIZ, *Voces...*



Riqueche: vida e morte dun guerrilleiro antifranquista

consignándose ademais (6) \_\_\_\_\_

habiéndola presenciado como testigo

Don Ramón Fajardo Sarda

Don Manuel Rodríguez Calasa, mayores de edad y vecinos de esta ciudad.

Leída esta acta, se sella con el del juzgado y la firman el señor Juez, (7) y los testigos de que da fe.



Rodríguez

Ramón Fajardo

M. Rodríguez

Jaccia

REGISTRO CIVIL DE MONTEIRO (La Coruña)  
Certifico que he leído la presente acta literal,  
conforme a lo que me ha sido requerido por el escri-  
tano de este Juzgado, y he verificado que la  
representación que me ha sido sometida es la  
correcta en el número 58 F. 107 de la Sección 3.<sup>a</sup>  
de la U. N.º Adolfo Allegue  
Monteiro, a 27 de marzo de 1967

[Signature]

trátase do cobro dunha sanción. En agosto do ano anterior os guerrilleiros presentáranse na mesma casa para requirirille ao dono a entrega de 30 000 pesetas. As dificultades para satisfacer o pagamento de 14 000 pesetas que reclaman nesta ocasión, levou aos guerrilleiros a percorrer as casas do lugar para que todos os veciños contribuíran ao pagamento. Despois de recadar unhas 6 000 pesetas, o destacamento abandona a aldea. Volverían unha vez máis, a finais de outubro, para atoparen a morte nunha celada preparada pola garda civil<sup>35</sup>. Por entónces xa fora desarticulado en Oroul (Lugo) o destacamento Segundo Vilaboy. Alí morreron dous antigos camaradas: Juan Pérez (Xan de Xenaro) e Juan Gallego (Comandante).



Lugar onde morre Riqueche

*Fueron a imponerle una multa a un ricachón de la zona, porque a los pocos camaradas que quedaban en la guerrilla no les quedaba más que el hambre. Allí cayeron en la trampa. El terrateniente les dijo que iba a buscar la cantidad que le pedieran y regresó con la guardia civil. Combatieron como héroes, pero murieron todos.*


**José Sevil<sup>36</sup>**

O mesmo día no que se producía a matanza de Pazos, chegaba a Galicia José Sevil (Ricardo), nomeado xefe político, co obxectivo de facer efectivo o cambio táctico: desligar o Partido da guerrilla, infiltrarse nas organizacións sindicais do réxime e reconverter os xefes guerrilleiros nos novos cadros políticos. Pero xa era tarde. As caídas de 1951 sinalan o momento final da guerrilla.

*Sali de Francia para Galicia en julio de 1949. Cuando llegué a Coruña se había producido la caída de varios camaradas en Pazos-Monfero. Conmigo iba un camarada que mandaba el Comité Central para enlazar con Moncho. Fuimos a la base que tenían cerca de Betanzos y Ferrol (supongo que es en la Fraga del Eume) (¿), era una choza de piedras cubierta con ramas. El grupo contaba con 4 hombres más dos que vinieran a Coruña a buscarnos a nosotros dos. Total 6 u 8. En presencia del enlace de Francia se celebró la reunión por la cual Moncho quedó como jefe de la guerrilla y yo como reponsable. Aparte de nosotros había 2 camaradas más en La Coruña y 1 por Lugo, (¿) que no mantenía contactos con nosotros*

35. causa 190/49, Tribunal Militar Territorial IV

36. v. Santiago ÁLVAREZ, *Memoria da Guerrilla*, 1991



## Por fuerzas de la 140 Comandancia, son muertos en lucha siete bandoleros

*Después de vencer su resistencia desde la casa  
en que se hallaban parapetados*



Informado el Jefe de la 140.<sup>a</sup> Comandancia (La Coaña) por el Capitán de la tercera Compañía de que en un caserío de la demarcación de ésta se hallaban siete bandoleros que tenían en rehenes a la familia de la casa, compuesta por nueve personas, entre ellas cuatro niños, y que habían obligado a un hijo y a un yerno del dueño de la finca para que saliesen ellos solos y buscasen determinada cantidad de dinero, dispuso aquél las medidas conducentes a la captura de los bandidos.

Estos llegaron a la casa al anochecer del día 29 de octubre último, y las dos personas que salieron en busca del dinero para el rescate, ya que sin la entrega de él nadie quedaría con vida, según habían advertido, lo hicieron al mediodía del siguiente.

Cuando el citado Jefe se dirigía al lugar del suceso tuvo noticias de que la casa se hallaba cercada por fuerza del Cuerpo y que había sido muerto uno de los bandoleros cuando, disparando su arma, intentó ganar la salida.

Un Cabo con seis guardias del «Grupo Volante» fueron los que establecieron el cerco, sin dejarse ver de los bandidos, hasta que regresaban al caserío los dos paisanos portadores de 16.000 pesetas, impidiéndoles el Cabo el acceso y siendo en aquel momento cuando cayó otro de los huidos. Poco más tarde llegó el Capitán con otros cuatro guardias, reforzándose el sitio, al mismo tiempo que se intimaba a los cercados a rendirse. No sólo no obedecieron sino que abrieron fuego contra los guardias, empleando no pocas bombas para tratar de forzar la salida y huir. La fuerza repelió con todo valor la agresión y otro

de los bandidos cayó muerto, oyéndose cómo el que mandaba el grupo ordenaba retirarse de nuevo a la casa y allí quedar parapetados. Fué entonces cuando llegó el Teniente Jefe de la Línea con nuevas fuerzas, que redoblaron el cerco y que disparaban apenas advertían nuevos intentos de salida por parte de los bandoleros.

Ya allí el Jefe de la Comandancia, que se hizo cargo del mando, hubo otro intento de fuga de uno de los bandidos, que también resultó muerto. Y antes de emprender el asalto al caserío y teniendo en cuenta que dentro de él estaba la familia, se intimó de nuevo a la rendición a los que resistían, diciéndoles que se emplearían morteros y gasolina para obligarles a abandonar la finca, a lo que contestaron que no se entregaban por su condición de comunistas y que morirían, pero dejaron salir las personas que estaban en la casa.

Luego se rompió el fuego, y, por último, hecho un reconocimiento en ella, se apreció que había tres bandoleros muertos, quedando extinguidos los siete después de larga y dura lucha y durante la cual todas las fuerzas dieron muestra de valor, serenidad y disciplina, cumpliendo en todo momento las órdenes del Mando.

Se recogió el armamento que llevaban, entre el que figuraban dos mosquetones, cinco pistolas y un revólver, más numerosas bombas, y por la documentación recogida se identificó a los cadáveres como de peligrosísimos elementos, que afiliados al partido comunista, eran autores de numerosos delitos de sangre y contra la propiedad.

*desde hacía mucho tiempo... Con el dinero que traía de Francia nos empezamos a suministrar y organizar en la base. Intentar restablecer los contactos que existieran y aprovisionarnos de máquinas de escribir y 1 multcopista. Se mantenían contactos con París a través de una emisora y un radista.*

**José Sevil**<sup>37</sup>

A figura de Riqueche resume algúns dos trazos máis salientábeis do maquis galego. Obrigados a botarse ao monte pola represión desde o 36, os fuxidos sostiveron nun primeiro momento unha loita pouco efectiva e sen claros obxectivos políticos, e acabaron convertidos, da man do PCE, nun movemento de resistencia organizado durante a longa noite da posguerra.

A forte presión policial foi minándoo e, unha vez que a situación internacional o desaconsellou -polo inicio da guerra fría e a fin do illamento internacional do goberno de Franco- a dirección do PCE no exilio, inspirada por Stalin, mudou a súa estratexia fronte ao réxime, e moitos guerrilleiros víronse desasistidos.

Un dos dirixentes históricos do PCE, Santiago Carrillo, cría que o Partido depositara excesivas expectativas nas posibilidades da acción guerrilleira. As caídas de finais dos anos corenta explicaas polo fracaso da dirección do Partido en retirar os homes das zonas guerrilleiras para convertelos en cadros políticos, no momento no que xa non se daban as condicións obxectivas que fixeran posíbel a loita armada<sup>38</sup>. Pero a autocrítica do Partido tórnase ás veces inxusta crítica contra algúns dos xefes guerrilleiros, aos que se lles acusa de actuar como "verdaderos reyezuelos, verdaderos caciques", homes que, como Riqueche, morreran en nome do Partido nunha loita que tiña como finalidade acabar coa dictadura.

#### AGRADECIMENTOS

A Manolo López, da Cepeira, e a toda a xente de Vilarmaior pola súa axuda inestimábel,  
a Carmen Filgueiras, Josefa Gallego e Juan Anido, guerrilleiros da IV Agrupación,  
por manteren viva a memoria dunha época.;  
a Bernardo Máiz, a Alicia e a Ana, sen o seu apoio nada disto sería posíbel.

37. v. Santiago ÁLVAREZ, *Memoria...*

38. v. V.M. SANTIDRIÁN, *Historia do PCE...*